

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta contratacion servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

ASUNTO: CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE VIXILANCIA NO FOGAR DO TRANSEÚNTE- 2011. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.

ANTECEDENTES

I. Informe relativo á necesidade de contratar un servizo de vixianza para o Fogar do Transeúnte xunto co correspondente prego de prescripci3ns t3cnicas elaboradas pola xefva de servizo de servizos sociais.

II. Informe do departamento municipal de planificaci3n e control de concesions sobre o prezo m3ximo a aplicar no prego de condici3ns para a contratacion do dito servizo.

III.- Informe de Intervenci3n de data 19 de outubro de 2011 que se pon de manifesto, entre outros, a existencia de cr3dito na aplicaci3n 23330.22701 do vixente orzamento xeral por importe de 13.295,06 euros para unha estimacion de un mes e medio.

IV- Pregos de cl3usulas administrativas que rexer3n a contratacion de referencia de data 27 de outubro de 2011

LEXISLACI3N APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do r3xime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposici3ns legais vixentes en materia de r3xime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administraci3n local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector p3blico (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administraci3ns p3blicas (RXLCAP).

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratación servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos Servicios de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Este contrato debe ser cualificado como un **contrato de servizos**, recollido e regulado no artigo 10 da LCSP que ten por obxecto a realización dun servizo de vixilancia no Fogar do Transeúnte e que se pode incardinar dentro da categoría 23 do Anexo II da LCSP.

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén , con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, de acordo co previsto nos artigos 122 e 141 e seguintes da LCSP. No prego de cláusulas administrativas particulares determinanse os criterios de adxudicación que é exclusivamente o prezo máis baixo cumprindo os requisitos de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP.

Terceira. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndellen as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, e a normativa específica de aplicación, propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE VIXILANCIA NO FOGAR DO TRANSEÚNTE

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratacion servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na licitación dos traballos sinalados no parágrafo anterior, sendo o seu teor literal o seguinte:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE VIXILANCIA NO FOGAR DO TRANSEÚNTE- 2011

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do presente prego a contratación dun servizo de vixilancia no Fogar do Transeúnte sito na Rúa Deputacion nº 12 do termo municipal do Concello de Lugo , conforme o prego de prescricións técnicas elaborado pola xefa de servizo de servizos sociais.

CPV.- 74614000-6 Servizos de vixilancia
CNAE – 80.10 actividades de seguridade privada

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato de servizos , recollido e regulado no artigo 12 da LCSP e que ten por obxecto a realización dun servizo de vixilancia sin armas no Fogar do Transeúnte sito na Rúa Deputacion nº 12 do termo municipal do Concello de Lugo , conforme o prego de prescricións técnicas elaborado pola xefa de servizo de servizos sociais e que se pode incardinar dentro da categoría 23 do Anexo II da LCSP (servizos de investigación e seguridade, agás servizos de furgóns blindados)

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratacion servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 de desenvolvemento parcial da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 194 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN

A duración deste contrato é de DOUS ANOS contado a partir da formalización do contrato administrativo, e poderá ser obxecto de prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización do prazo inicial e por períodos máximos anuais, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas poida exceder de CATRO ANOS.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO.

O prezo do contrato para a primeira anualidade ascende a 90.135,98 euros ó que sumado o IVE (18%) – 16.224,48 euros – resulta un prezo total de 106.360,45 € (CENTO SEIS MIL TRASCENTOS SESENTA MIL EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS).

O valor estimado do contrato (incluíndo a duración inicial e as prórrogas sen IVE) ascende a 360.543,92 euros.

Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación 23330.22701 do vixente Orzamento xeral para a cantidade de 13.295,06 euros correspondente a unha estimación de un mes e medio.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref#: proposta contratacion servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

De conformidade co artigo 174.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, o crédito correspondente á cobertura de obrigas que, de ser o caso, se devenguen no exercizo 2011 e sucesivas prórrogas queda condicionado á adopción do compromiso de habilitacion de crédito para os ditos orzamentos polo órgano competente.

Non procederá a revisión de prezos do contrato durante o primeiro ano tralo comezo da prestación dos traballos. Nas seguintes anualidades, no caso de prórroga, os prezos de adxudicación poderán revisarse conforme á variación experimentada polo Índice de Prezos ó Consumo (IPC) durante a anualidade inmediatamente anterior. A revisión no poderá superar o 85% da variacion experimentada polo dito índice. Neste punto estarase por tanto ó que indiquen os artigos 78 e seguintes da LCSP.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

O presente contrato adxudicarase polo procedemento **aberto** previsto e regulado polos artigos 122, 141 e seguintes da LCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e se atopen clasificadas dentro do **Grupo M, Subgrupo 2, categoría a)** e non se atopen comprendidas en ningunha das circunstancias ou prohibicións para contratar establecido no artigo 49 da LCSP.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratación servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

SEXTA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 91 da LCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adjudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 135.2 da LCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 84 LCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 84.1.a) da LCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 84. 1. a) da LCSP.

SÉTIMA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratacion servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

OITAVA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓN.

As empresas presentarán a súa proposición en **dous sobres pechados**, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras **A de Documentación administrativa** e letra **B de Proposición económica**.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil. O mesmo tratamento terá no caso de coincidir este día co 22 de maio ou o 24 e 31 de decembro que se prorrogará ó primeiro día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificala data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

NOVENA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA. PROPOSTA TÉCNICA E ECONÓMICA.

O sobre denominado A, documentación administrativa, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado polo titular da asesoría xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta contratacion servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

do Concello habilitados ó efecto. Para esto, presentárase orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboarase a correspondente taxa (9,90 euros aprox.). Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Acreditación da clasificación no **Grupo M, Subgrupo 2, categoría a)**

- Declaración responsable do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentado, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

-Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta contratación servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado do Rexistro deste Excmo. Concello.

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, se non, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 44 da Lei de contratación do Sector Público.

- Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que achegar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán

A presentación de documentación que deba ir no sobre B no sobre A implicará automaticamente o rexeitamento das proposicións.

O sobre denominado B, Proposición económica, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI número, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº), fai constar:

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratación servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACION DUN SERVIZO DE VIXILANCIA NO FOGAR DO TRANSEÚNTE 2011**

b) Propón como **prezo anual** do contrato:

..... euros sen IVE

..... 18% IVE

..... euros IVE incluído.

c) **Unha bolsa de (indicar o nº) horas anuais sen custo.**

d) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

e) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN:

1º.- En aras a simplificar e facilitar a avaliación das ofertas, as empresas licitadoras presentarán unicamente a documentación necesaria para a valoración das ofertas, abstendose de achegar folletos publicitarios das empresas ou outra documentación que nada engada á valoración. Se é o caso solicitarase as aclaracións oportunas por parte do técnico competente.

2º.- A documentación deberá presentarse de modo que se facilite o seu arquivo en archivadores para folio prolongado (388x275x116 mm). En consecuencia os envoltorios, caixas, archivadores, embalaxas onde se presenten os documentos deberán ser retirados polas empresas licitadoras no prazo máximo de un mes dende a formalización, e no seu caso, serán destruídos polo Concello.

DÉCIMA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓN.

De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Sra Concelleira Delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratacion servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

VOCAIS:

- A Concelleira delegada de Area de Benestar Social, Igualdade e Xuventude
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa
- Un representante da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura dos sobres relativos ás propostas económicas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratacion de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO PRIMEIRA. CRITERIOS DE ADXUDICACION

Os criterios de valoración para a selección da empresa adxudicataria son:

-Oferta económica..... 8 puntos

Obterá a máxima puntuación neste apartado a proposición que conteña o prezo máis baixo. As proposicións nas que se oferte o prezo de licitación obterán 0 puntos e as restantes valoraránse de xeito proporcional.

O carácter desproporcionado ou temerario das ofertas apreciarase de acordo cos parámetros que se establecen no RD 1098/2001 de 18 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos (artigo 85).

- Bolsa de horas anuais sen custo para casos puntuais deste servizo de vixianza en servizos sociais 2 puntos

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratacion servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

Obterá a máxima puntuacion as empresas que oferten maior número de horas, 0 puntos as que non oferten cantidade algunha e o resto de modo proporcional

DÉCIMO SEGUNDA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que , dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumplimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato

DÉCIMO TERCEIRA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato en documento administrativo non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos. O órgano competente requirirá ó adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo anterior sen interpoñerse o recurso que leve aparelhada a suspensión da formalización do contrato.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratacion servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso houbera esixido.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

DÉCIMO CUARTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estricte suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (xefa de servizo de servizos sociais) , o cal terá as facultades sinaladas no artigo 41 da LCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. A modificación deste contrato suxeitarase ó disposto no artigo 202 da LCSP así como polo disposto no título V do Libro I (artigos 92 bis a 92 quinquies) da LCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4.- Os gastos necesarios para a execución do contrato serán por conta do adxudicatario.

DÉCIMO QUINTA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato (300 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase así mesmo obrigado, se fose necesario, ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratación servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

DÉCIMO SEXTA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. SUBROGACION DE TRABALLADORES. OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS.

- O contratista estará obrigado a cumprir-las disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

- O contratista comprométese a adopta-las medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativo que garantan a seguridade dos datos que lles sexan facilitados ou ós que teñan acceso co fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado e a gardar sxiilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación co Concello de Lugo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de prevención de riscos laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presenta-la acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratación servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

O incumprimento das obrigas sinaladas nesta cláusula ou calquera outra que lle veña imposta polo carácter de empregador ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante. En calquera caso, o contratista indemnizará ó concello de Lugo por toda cantidade que se vira obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas nesta cláusula xa se impoña por resolución xudicial ou administrativa.

Ós efectos do establecido no artigo 206 as obrigas establecidas nesta cláusula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social -que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- no excusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

- Co fin de manter a estabilidade do persoal no emprego, acadar a profesionalización do sector e evitar, na medida do posible, a proliferación de contenciosos á **empresa que resulte adxudicataria, esta subrogarase nos dereitos e deberes que tivera recoñecidos a entidade que presta actualmente o Servizo de Vixianza no Fogar do Transeúnte no municipio de Lugo**, nos termos establecidos no Convenio colectivo Estatal das Empresas de Seguridade

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratación servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

2009-2012 polo que os/as traballadores/as adscritos á empresa saínte pasarán a estar adscritos á empresa que resulte adxudicataria deste servizo. **Achegase como ANEXO II a relación de traballadores actuais da empresa contratista do servizo de vixianza actualmente vixente para o Fogar do Transeúnte.**

A empresa deberá achegar no prazo máximo de dous meses seguintes á sinatura do contrato as copias dos contratos de traballo dos traballadores subrogados e de calquera traballador que se adscriba a este contrato, copias dos TC2 da Seguridade Social así como toda a documentación que permita o seguemento do cumprimento das súas obrigas laborais e coa Seguridade Social.

O contratista deberá ter permanentemente informado ó responsable do contrato de calquera variación dos contratos laborais do persoal que estea adscrito a este contrato debendo contar con autorización expresa do Concello para a realización de novas contratacións laborais , calquera que fose o motivo, ou modificación das condicións laborais dos traballadores.

Esta obriga terá carácter de **obriga contractual esencial** cuxo incumprimento dará lugar á resolución do contrato.

DÉCIMO SÉTIMA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estrictamente ó presente prego, ó prego de condicións técnicas e demais aspectos contractuais, así como o previsto no LCSP e calquera outra normativa aplicable.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, o seguinte:

-Copia da póliza de responsabilidade civil xeral con inclusión da responsabilidade civil patronal que cubra os riscos que puidesen producirse durante a execución do contrato tanto para traballadores como para usuarios, cunha cobertura mínima de 300.000 euros por siniestro, sendo o sublímite por vítima de 150.000 €.

-Copia dos recibos ingresados en relación ás pólizas de referencia.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta contratación servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

Ademáis dos seguros obrigatorios por lei pola prestación da actividade obxecto do contrato.

En caso de accidente ou de perxuízo de calquera xénero que lle aconteza ós traballadores/as con ocasión do exercicio das súas funcións, o adxudicatario cumprirá co disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de ningún modo ó Concello de Lugo.

DÉCIMO OITAVA. PAGAMENTO.

O pagamento efectuarase contra facturas mensuais conformadas polo responsable do contrato, o Concelleiro Delegado da área de benestar social, igualdade e xuventude e pola Concelleira Delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación.

Xunto coas facturas presentarase , se procede, certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria Estatal así como unha declaración xurada sobre o mantemento das condicións laborais e número dos traballadores adscritos á execución deste contrato. En caso contrario deberá achegar a correspondente solicitude de autorización conforme a cláusula décimo sexta.

DÉCIMO NOVENA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 284 da LCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 275 da LCSP.

Ós efectos do artigo 206.g), consideranse **obrigas contractuais esenciais** cuio incumprimento dará lugar á resolución do contrato as sinaladas na cláusula décimo sexta destes pregos.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

VIXÉSIMA.- RÉXIME DE RECURSOS

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratacion servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

Contra os actos a que se refire o artigo 310.2 da LCSP poderás interpoñer **recurso administrativo especial en materia de contratación** ante a Xunta de Goberno Local, sen que proceda a interposición de recurso potestativo de reposición, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado contencioso administrativo de Lugo.

A interposición deste recurso especial en materia de contratación suxeitarase ó disposto no artigo 314 da LCSP e presentarase no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado sen prexuízo do disposto no no parágrafo segundo do artigo 134.2

A N E X O**DATOS:**

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVICIO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratacion servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2º **COMO MEMBRO DO SERVICIO MANCOMUNADO**

*** Xuntar a acta de Constitución.**

3º **TRABALLADOR DESIGNADO**

Nome e Apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

D.N.I.:

FIRMA:

DATA

ANEXO II

Relación de traballadores que prestan o servizo actualmente:

CUSTE TRABALLADOR/ANO(*)	
VS 1-XORNADA COMPLETA. ANTIGÜEDAD DO 11-03-1992	27.859,80 €
VS 2-XORNADA COMPLETA. ANTIGÜEDAD DO 23-07-1992	25.495,56 €
VS 3-XORNADA 88% ANTIGÜEDAD DO 19-8-2005	21.063,80 €
TOTAL CUSTO EMPRESA	74.419,16 €

(*)incluídas retribucións fixas, variables, a cotización correspondente y outros gastos

(vestiario, formación, seguros, vixianza da saúde)

PREGO DE PRESCRIPCIÓN S TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVICIO DE VIXILANCIA NO FOGAR DO TRANSEUNTE

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 27.23º do Estatuto de autonomía para Galicia, en concordancia co artigo 148.1º.20 da Constitución española ten competencia exclusiva en materia de servizos sociais.

O artigo 1 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece que os poderes públicos galegos deben garantir como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas ós servizos sociais que lles

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratación servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social.

Asimesmo dita Lei no seu artigo 2 define os servizos sociais como o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e a participación social de toda a poboación mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos establecidos na Lei de servizos sociais.

Coa finalidade de cumprir co exposto o Concello de Lugo dentro dos seus equipamentos conta co Fogar do Transeúnte, equipamento propio dos servizos sociais do Concello de Lugo adscrito á Area de Benestar Social e Igualdade. Segundo a tipoloxía descrita na Orde do 25 de Xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, o Fogar do Transeúnte do Concello de Lugo ten a consideración de albergue dado que o seu obxecto é procurar aloxamento temporal a persoas en situación de emerxencia social, persoas transeúntes e persoas que están sen fogar, proporcionándolles aloxamento e manutención por un periodo limitado de tempo.

O Fogar do Transeúnte atópase na R/ Deputación, nº 12 de Lugo. O Concello de Lugo poderá por motivos de interese público cambiar a súa ubicación procurando sempre que o Fogar do Transeúnte esté nunha zona residencial ben comunicada.

En canto a modo de xestión de dito centro realízase de xeito directo e os servizos que se están a prestar son os seguintes: servizo de aloxamento con manutención, servizo de manutención , servizo de hixiene e servizo de lavandería .

O Fogar do Transeúnte é un centro de servizos sociais que atende tódolos días do ano as persoas transeúntes e persoas en situación de desvantaxa social e carentes de recursos prestando un servizo de pernocta así como de manutención. Trátase de individuos que en moitos casos presentan graves problemas de comportamento derivados de múltiples patoloxías (alcoholismo, drogadicción, enfermidades mentais...) e que se manifestan sobretudo en momentos en que están todos os usuarios xuntos (nas comidas e de noite).

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refº: proposta contratación servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

En consecuencia é evidente a necesidade dun persoal vixiante xa que os medios persoais cos que conta o centro: unha encargada, persoal cocifeiro e axudantes de cocina non lles corresponde realizar ese traballo e que ademais precisan dunha seguridade na realización das súas funcións para previr situacións de conflito, é polo que á vista da finalización do actual contrato coa actual empresa prestadora do servizo redactase o presente prego.

CLÁUSULA PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.

O presente contrato ten por obxecto a prestación dun servizo de vixianza no Fogar do Transeúnte sito na Rúa Deputación nº 12 do termo municipal de Lugo segundo as condicións que se especifican na la cláusula segunda.

CLÁUSULA SEGUNDA.- CONDICIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO

O servizo de vixianza prestarase tódolos días do ano (365 días) no seguinte horario:

De luns a venres : de 13.00 a 14.30 e de 19.00 a 9.00 horas

Sábados, domingos e días festivos : de 13,00 a 14,30 e de 19,00 a 9,00 horas

Durante as horas en que o Fogar do Transeúnte non se atende por persoal municipal o vixiante encargarse da recepción de usuarios, rexistro dos mesmos e reparto de camas e toallas. Asimesmo comprobará diariamente que o centro esté pechado.

Diariamente cubrirá un parte de incidencias e avisará á Policía Local e/ou ós servizos médicos cando fora necesario.

Para a prestación do servizo é necesario UN vixiante sen armas.

CLÁUSULA TERCEIRA.- FUNCIONAMENTO DO SERVIZO/ PERSOAL QUE SE VAI EMPREGAR

Deberá contar, en todo momento, cos medios materiais e persoais suficientes en número e cualificación para atende-los servizo obxecto de contrato.

A empresa adxudataria asumirá tódolos custos derivadas da relación de dependencia do persoal, así como tódalas responsabilidades, tanto na

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^o: proposta contratacion servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

execución do servizo, como en materia de persoal, que en ningún caso se considerará como persoal do Concello, así o persoal a empregar pola entidade prestadora non terá ningún tipo de relación laboral, contractual ou de ningunha outra natureza co Concello de Lugo facendo constar expresamente esta circunstancia nos contratos que subscriba. Acreditándose o cumprimento da lexislación e do convenio colectivo laboral de aplicación ó servizo vixente en cada momento, así a empresa adxudicataria deberá cumprir tódalas disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e hixiene no traballo referidas ó propio persoal ó seu cargo, e respecta-los convenios colectivos en vigor. Así e de conformidade co convenio colectivo estatal das empresas de seguridade procede a subrogación do persoal que se indica no Anexo de persoal a subrogar.

En ningún caso o Concello de Lugo se subrogará nas relacións contractuais entre a empresa adxudicataria e os seus traballadores ó finaliza-lo contrato calquera que sexa a súa causa e se proceda ou non a unha nova adxudicación.

O persoal contratado deberá poseer a titulación e a formación necesarias para a correcta prestación do servizo, contando coa cualificación esixible dentro do marco laboral vixente e garantizándose un procedemento formativo.

A empresa será responsable da calidade técnica dos servizos realizados así como das consecuencias que se deduzcan para o Concello ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas da execución do contrato. Serán de conta da empresa as indemnizacións que se poidan reclamar por danos ou perdas con ocasión da prestación do servizo por causa imputable a él ou persoal ó seu servizo.

CLÁUSULA CUARTA.- RESPONSABILIDADE CIVIL

As entidades adxudicatarias deberán presentar, antes da sinatura do contrato:

-Copia da póliza de responsabilidade civil xeral con inclusión da responsabilidade civil patronal que cubra os riscos que puidesen producirse durante a execución do contrato tanto para traballadores como para usuarios, cunha cobertura mínima de 300.000 euros por siniestro, sendo o sublímite por vítima de 150.000 €.

-Copia recibos ingresados en relación ás pólizas de referencia.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^a: proposta contratación servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

Ademáis dos seguros obrigatorios por lei para a prestación da actividade obxecto do contrato.

En caso de accidente ou de perxuízo de calquera xénero que lle aconteza ós traballadores/as con ocasión do exercicio das súas funcións, o adxudicatario cumprirá co disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de ningún modo ó Concello de Lugo.

CLÁUSULA QUINTA.- FORMA DE PAGAMENTO.

O pago do servizo efectuarase, logo que o contratista presente con carácter mensual as correspondentes facturas, ditas facturas serán conformadas por persoal municipal.

Terceiro.- Aprobar o gasto de 13.295,06 euros con cargo á aplicación 23330.22701 do vixente Orzamento xeral e comprometerse a incluír nos vindeiros orzamentos a cantidade restante ata o remate do contrato e no caso de prórroga.

Cuarto.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 122, 141 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

Quinto.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

Lugo, a 27 de outubro de 2011

A TÉCNICO DO SERVIZO
SERVIZO
DE CONTRATACIÓN

O XEFE DO
DE CONTRATACIÓN

Asdo. Ana Tabarés Martínez

Asdo: Manuel Louzao Aldariz

A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA
DE ECONOMÍA E EMPREGO

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref^a: proposta contratacion servizo VIXIANZA FOGAR TRANSEUNTE 2011

Asunto:

Asdo: Sonia Méndez García